

PEZA DO MES

xaneiro

2014



**VASO DA IDADE DO BRONCE
DE PARDOLLÁN, VALDEORRAS**



VASO DA IDADE DO BRONCE DE PARDOLLÁN (VALDEORRAS)

O vaso atopado recentemente nunha cova do lugar de Pardollán, no concello de Rubiá de Valdeorras (Ourense), nas abas orientais da Serra da Enciña da Lastra, contextualízase arqueologicamente na ocupación das covas cársticas das serras orientais de Galicia durante a Idade do Bronce, e a súa recuperación e ingreso no Museo débese ao grupo de espeleoloxía «Águilas Verdes». Estamos diante, como en tantas ocasións, dun achado fortuíto, aínda que valioso por ter sido recuperado para o noso patrimonio arqueolóxico, pero non resultou dunha intervención arqueolóxica coa metodoloxía que nos permitirá coñecer mellor o contexto preciso do vaso –estrato, estruturas, relación con outros materiais ou con material orgánico... Contexto que nos permitiría coñecer e interpretar as causas da súa deposición no que parece que era un recuncho apartado da cova. No entanto, o feito nada frecuente de aparecer enteiro e a caracterización tanto técnica coma formal que esa condición permite, ofrécenos elementos suficientes para poder levar a cabo a súa identificación e mesmo unha primeira interpretación da súa posible función e significado.

Trátase dun recipiente cerámico, cunhas dimensións de 14,7 cm altura e 9 cm diámetro boca, feito á man cunha forma moi definida e nada simple, ao tempo que de consecución deficiente, que poderíamos identificar como xarra, dado o seu tamaño e a presenza dunha asa, aínda que a forma siga a lembrar os vasos. Esa indefinición é en parte resultado dunha morfoloxía complexa. Morfoloxía que implica, en pri-

meiro termo, dúas partes ben diferenciadas que teñen a súa difícil ensamblaxe nunha acusada liña de carenado cara á metade da altura do vaso. A metade inferior combina deficientemente o carácter esferoidal da base do cacharro cun corpo tendente a cilíndrico, mentres que a superior se define nunha ampla concavidade, formada pola parte superior do corpo, o gargalo e o bordo, onde de novo a liña da evolución das paredes é moi discontinua: a parte alta do corpo, inmediata á carena, fúndese e retraese cara o interior, para rematar nun gargalo cunha disposición inversa e mesmo con un lixeiro alombamento no seu arranque; finalmente, o bordo prosegue o exvasamento do gargalo ata o seu remate nun labio plano. Unha forma, en fin, moito máis complexa do que aparenta e cunha consecución irregular, a que temos que engadir unha asa de sección plana que vai dende a carena ao gargalo, non acadando, como é mais común, o remate superior do vaso. As superficies son lisas, aparentemente sen decoración, pero o acabado é coidado: superficies puídas e brillantes, aínda que en boa medida hoxe alteradas polo paso do tempo.

Esa aparente falla de decoración ten unha posible matización na propia complexidade formal do vaso, pois ese cambios continuos e acusados na evolución do seu contorno reflicten un xogo de planos que non é alleo a certa busca estética que xira ao redor do volume. Nese concepto plástico da decoración pode entenderse o leve alombamento no gargalo, pero, sobre todo, o remate superior da asa cunhas expansión laterais que remataban nunha especie de pequenos avultamentos apuntados. Unhas características que particularizan este recipiente dentro do que coñecemos para Idade do Bronce no Noroeste, aínda que os trazos técnicos –arxilas, cocción, modelado...– non deixan dúbidas sobre a súa correspondencia con esa etapa. E máis concretamente, un grupo de recipientes apenas coñecidos que se poden definir como xarras bitroncocónicas, con carena media máis ou menos acusada, pero sempre sinalada, pequena asa vertical na parte media do corpo e paredes lisas de acabamentos coidados.

A datación dese grupo ou tipo cerámico está aínda por precisar, pero sabemos que aparece non só en covas e abrigos, senón en depósitos funerarios, ben en cistas ben en túmulos, en ocasións acompañando outro tipo moi característico da cultura da Idade do Bronce do Noroeste, como é o chamado «vaso de bordo revirado». Características e contextos que sitúan a xarra de Pardollán e os seus semellantes despois do abandono ou transformación dos trazos propios á cerámica campaniforme, aínda que nesta peza aínda parecen existir reminiscencias desa olaría na modelaxe e en especial no aspecto externo, pero esa conexión xa non é directa senón que se vehicula a través de recipientes lisos derivados da olaría campaniforme e inmediatamente posteriores a ela, nun tránsito que po-



deríamos situar en momentos avanzados da primeira metade do II milenio antes de Cristo (ca. 1800-1600 B. C.). O grupo ou tipo de xarras tipo Pardollán perduraran ata a consolidación dos complexos cerámicos de fins da Idade do Bronce, nunha etapa que podemos situar, grosso modo, na segunda metade do II milenio antes de Cristo (ca. 1600-1100 B. C.). Etapa na que assistimos no Noroeste a unha reocupación de covas na parte oriental, como é o caso que tratamos e outras da súa contorna inmediata, ou abrigos baixo a penedía granítica en boa parte do resto do territorio, caso da Cunchosa (Cangas) ou O Folón (Vigo), na costa, ou monte Mesego (O Carballiño) no interior.

Aínda hai outra posible relación da xarra de Pardollán que insiste na súa inclusión dentro da olaría da Idade do Bronce e que, quizais, permite entender tamén a súa peculiar morfoloxía. Estamos a pensar na vaixela metálica desta etapa, que ten en Galicia unha das mellores expresións nos vasos do tesouro de Caldas de Reis. Neles atopamos a complexidade formal dun corpo que se artella en partes ben diferenciadas, no caso da pequena xarriña dese conxunto, as bases esféricas e mesmo a presenza dunha carena tamén a media altura, nos vasos, e, finalmente, as pequenas asas de sección plana tamén a media altura en todos eles. Os vasos de Caldas, aínda sendo os máis próximos xeograficamente, non esgotan as referencias en Pardollán á vaixela metálica, pois algúns dos atributos do vaso ourensán apuntan tamén á vaixela de ouro e prata, ou mesmo de ámbar, de expresións culturais da Idade do Bronce Inicial do sur de Inglaterra (cultura de Wessex), da Bretaña (cultura dos Túmulos Armoricanos) ou da bacía do Baixo Rhin (cultura de Adlerberg). Os fondos curvos, a presenza dunha forte

carena que divide o recipiente en dúas partes totalmente diferenciadas, as asas en cinta e mesmo a presenza de decoración plástica, aínda que en Pardollán apenas esbozada, son as principais coincidencias, e os mellores exemplos son Ringlemere en Inglaterra, Fritzdorf no Baixo Rhin ou Saint-Adrien na Bretaña francesa. Este último vaso axuda a entender o acusado da carena: o recipiente está feito en dúas partes separadas, unha superior co gargalo e bordo, e outra inferior coa base e o corpo, respectivamente, con difícil e ás veces deficiente encaixe entre si, o que converte un vaso de perfís suaves noutro cunha liña de inflexión moi marcada na súa parte media, de aí que o seu traslado a cerámica derive nunha liña de carena moi acentuada, aínda máis por ser froito do encontro de dúas partes de morfoloxía diferenciada e mesmo contraposta.

Esa interpretación de Pardollán como un esqueuomorfo dun recipiente metálico, ou cando menos dun derivado en cerámica dun deles, pode explicar tamén as superficies puídas e brillantes, así como o seu escaso peso, sobre todo en relación ás súas dimensións. Indo máis alá, ese vencello coas vaixelas metálicas, feitas en ouro ou prata e pensadas para funcións moi específicas e destacadas dentro do ámbito do ideolóxico das sociedades que as producen ou adquiren, fan de Pardollán e os recipientes tipoloxicamente afíns, pezas cunha especial significación, en substitución ou representación doutras de difícil adquisición, como eran esas as cales o material sobre o que estaban feitas outorgaba un especial valor e condición. Ese especial significado pode explicar a presenza dos vasos/xarras tipo Pardollán en depósitos pechados que facilitaron a súa conservación, cun carácter ritual, como sería o propio acubillo en covas/abrigos ou a inclusión en ámbitos funerarios. O vaso de Pardollán fálanos, pois, da presenza e da importancia das vaixelas de metal na Idade do Bronce, aínda que por razóns obvias –valor intrínseco e posibilidade de reciclaxe da materia na que estaban feitas– non se teñan conservado moitos exemplares. Tamén do uso de covas e abrigos con fins rituais que están por definir, sen que poidamos desbotar os de carácter funerario: a aparición cada vez máis frecuente de vasos enteiros e a súa localización, ás veces, en recunchos inaccesibles, non debe ser casual; motivación ou motivacións rituais nas que poderían tamén participar algúns instrumentos metálicos coetáneos atopados neses contextos ou noutros semellantes. Fálanos, en fin, da especificidade cultural e creatividade dos grupos que ocuparon o territorio galego na plenitude da Idade do Bronce, alá polos mediados do II milenio antes de Cristo (1600-1400 B. C.).



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:


EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: José Suárez Otero

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 







XUNTA
DE GALICIA